

## O XOGO DA GUERRA

Botaron a sortes e tocoume a min. Eu penso que fixeron trampa, pero calei. Dixome o Rata: “Vai”. Eu non quería ir, digo a verdade.. Pero cando o Rata dicía vai, había que ir. O Rata estaba tolo, segundo a miña nai. Pero eu penso que non estaba tolo, que era atravesado e de mala lei. “Vai”, dixo outra vez. E fun. A casa de don Domingo quedaba lonxe. Algo así como a dous quilómetros. Tiven que dar un rodeo para non pasar por diante da zapatería do meu pai. Pensei: “Escapo para a casa e xa está”. Pero collín medo. Ademais ía calor e na casa no verán non se para coas moscas.

Cheguei ao chalé de don Domingo e berrei:

—¡Zalo...!

Ladraron os cans. Agardei un pouco e volvin berrar:

—¡Zalo...!

Cando apareceu, de seguida me dei conta de que viña de durmir a sesta. Díxome: “¿Que pasa?” Eu dixenlle: “O Rata agárdate no río. Cazou unha bolboreta moi bonita. Di que vaias, que cha dá para a colección”. O Zalo era tolo polas bolboretas. E o Rata, qué cabrón, cómo lle sabía dar co gusto á xente.

—¿Onde está o Rata?

—No Campo da Bomba.

Sáimos correndo. Cando chegamos, o Rata estaba bañándose no río. Ao nos ver, saíu. Mirou ao Zalo con cara de atravesado e díxolle: “Hola, ¿quieres a bolboreta?” O Zalo volveuse cara a min como preguntando. A verdade, eú non quería. O Rata asubiu e entre todos botáronse ao Zalo. Espirono e atárono a un amieiro. O Zalo choraba e a min déronme ganas de chorar. Eso non se lle fai a ninguén e menos a traición. O Rata chuspiulle alí, naquel sitio, e chamoulle caguetas. “Non se chora”, dixo. Despois colleu un vimbio e pasoullo polas pernas e pola barriga sen lle dar. Botamos a sortes e tocoume a min. Quixen fuxir ou tirarme ao río, pero o Rata miroume así, como mira el, e collín o vimbio. “Veña”. Díxenlle que non. “Mira, Rafael, que che tocou en sortes”. Díxenlle que non. “Mira, Rafael, que te irnos atar a ti”. “Non”. “Mira, Rafael, que non me enchas”. “Mira, Rafael...” Pola voz souben que me ía dicir o da miña nai. Agarrei o vimbio e funme cara ó Zalo. Eu non quería, ben o sabe Deus. E deille no pescozo. Os outros berraron: “¡Máis!” Trinquei os dentes e sentín que me baixaban as bágoas polos ollos e que non vía. E deille nas pernas, nos

ombros, na cara, no péito. Sangraba e berraba. E os outros dicían: “¡Máis!” E eu non vía. E daba. E sentía o sol dentro da cabeza e os chiídos do Zalo, que se me espetaban nos ouvidos. E daba “¡Máis!” Doíame o brazo de tanto subir e baixar. “¡Máis!” Cando mirei para o Zalo gañei medo. Sangrabá por todas partes e comíano as moscas. Estaba como morto. Non falaba. O Rata e os outros fuxiron. Eu tamén fuxín.

Eu non quería, digo a verdade. Díxenilo ao señor aquel, pero non me fixeron caso. Tamén lle dixen que fora por sortes, que me tocara a min, pero non me escoitou. Faloume do inferno e entón calei...

Agora estou neste colexio. Aquí levo un ano. É primavera e non podo saír. Ao mellor saíu para xullo. Onte leváronme á sala de castigos. Din que non se pode andar sós, que hai que xogar. Tampouco se pode andar de dous en dous. A puta que os pariu a todos. Eu quero andar só para pensar.

A min non me gusta xogar ao fútbol nin ao frontón, Gústame xogar no lavabo. E non se pode. Está prohibido. Pero polas noites, cando todos dormen, érgome e vou aos lavabos e xogo á guerra. Polo día collo moscas e gárdoas nunha caixa de mistos. Pola noite meto as moscas na pileta e ábrolle ao grifo, pouquiño a pouco, paseniño. As moscas soben, foxen pola pileta enriba, pero eu doulles para abaixo cunha palliña e afogan. É a guerra. Afogan pouco a pouco. É o xogo da guerra. Un día colléronme e leváronme á sala de castigos. E chamáronme marrao por andar coas moscas nas man. ¿E que? Se non fose pola guerra, podrecía de noxo. No inverno, como non había moscas, xogaba con cachiños de papel, pero non é tan bonito.

Para xullo din que saíu. O Rata, ao mellor pensa que me esquecín. Estache bo. ¡Ai, Rata! Estache bo. Heino arranxar ben arranxado. El ha pensar que somos amigos. Estache bo. ¡Ai, Rata! “¿Vés ao río?” El vén, que lle gusta moito. “¿Xogamos aos submarinos?” El xoga, que lle gusta moito xogar aos submarinos. Primeiro paso eu. Paso dúas ou tres veces. Despois que pase el. Eu escarranchome e el pasa por debaixo da auga entre as miñas pernas. E así dúas ou tres veces, para que se confíe. Pouquiño a pouquiño. Paseniño. E entón, hala, cando pase, pecho as pernas e queda preso polo pescozo. Pouquiño a pouco. Paseniño. Como as moscas da pileta.

CARLOS CASARES, *Vento ferido*, 1967.